



Concello de
Vilagarcía de Arousa
Concellería de Cultura

Auditorio Municipal
Avda. da Mariña, 27
36600 Vilagarcía de Arousa
T 986 512 600
CIF: P/3606000 B
cultura@vilagarcia.es
www.vilagarcia.es

ENTROIDO 2016

FESTIVAL DE COMPARSAS

DOMINGO 7 DE FEBREIRO ÁS 17:00HS.
AUDITORIO DE VILAGARCÍA DE AROUSA

BASES 2016

- 1 As comparsas estarán formadas obrigatoriamente por un mínimo de 25 persoas
- 2 As comparsas deberán actuar no Auditorio de Vilagarcía un tempo de entre 10 e 15 minutos.
- 3 O prazo de inscrición estará aberto dende o **día 27 de xaneiro** na Concellería de Cultura en horario de 8:30 hs. a 14:30 hs. ata completar o número de comparsas que será de 10, tendo preferencia as comparsas de Vilagarcía. Todas as comparsas farán entrega no momento da inscrición do listado de compoñentes (con Nome completo e D.N.I.), e das copias das letras das cantigas que interpretarán.
- 4 As comparsas deberán estar nas instalacións do Auditorio de Vilagarcía, no horario que determine a organización co fin de proceder a súa actuación e, os representantes deberán estar provistos dunha fotocopia do seu D.N.I.
- 5 Todas comparsas que participen recibirá unha compensación económica de **300€**, que se entregará o remate de cada actuación.
- 6 A participación no “Festival de Comparsas do Entroido Vilagarcía 2016” implica a aceptación destas bases



DESFILE DE DISFRACES E CARROZAS

MARTES 9 DE FEBREIRO ÁS 17:00 HS.
VILAGARCÍA DE AROUSA

BASES 2016

- 1 Establécense os seguintes premios:

Nivel ADULTOS (de 14 anos en adiante)

GRUPOS: (nesta categoría o 60% dos participantes deberán ser maiores de 14 anos)

(ata 20 compoñentes):

PRIMEIRO	300,00€
SEGUNDO	200,00€
TERCEIRO	100,00€

(máis de 20 compoñentes):

PRIMEIRO	500,00€
SEGUNDO	250,00€
TERCEIRO	150,00€

PARELLA ADULTOS:

PRIMEIRO	200,00€
SEGUNDO	150,00€
TERCEIRO	100,00€

INDIVIDUAL ADULTOS:

PRIMEIRO	150,00€
SEGUNDO	100,00€
TERCEIRO	50,00€



Nivel INFANTIL (ata 13 anos):

GRUPOS INFANTIL: (nesta categoría o 60% dos participantes deberán ser menores de 13 anos)

(ata 20 compoñentes):

PRIMEIRO	200,00€
SEGUNDO	150,00€
TERCEIRO	75,00€

(máis de 20 compoñentes):

PRIMEIRO	400,00€
SEGUNDO	200,00€
TERCEIRO	100,00€

PARELLA INFANTIL:

PRIMEIRO	200,00€
SEGUNDO	150,00€
TERCEIRO	100,00€

INDIVIDUAL INFANTIL:

PRIMEIRO	150,00€
SEGUNDO	100,00€
TERCEIRO	50,00€

OS PREMIOS ESTARÁN SUXEITOS A RETENCIÓN DO IRPF, DE ACORDO COA LEXISLACIÓN VIXENTE.

- 2 O concurso será fallado por un xurado que nomeará a Concellería de Cultura, e que estará formado por persoas relacionadas coa cultura, música, información, deseño, xornalismo e outros, con total e absoluta independencia de actuación e toma de acordos baixo o criterio fixado nas bases. O xurado estará, non identificado como tal, observando as evolucións dos participantes durante o desenvolvemento do concurso.
- 3 O xurado avaliará especialmente, entre outros aspectos: animación, espectacularidade, orixinalidade, espontaneidade, conxunción e a animación musical.
- 4 O xurado, se o estima oportuno, poderá declarar premios desertos.
- 5 Non se permite a participación no desfile/concurso con animais vivos.



- 6 Os participantes neste concurso formarán parte dun desfile que sairá ás 17:00hs. da rúa Alexandre Bóveda. Os participantes deberán estar en posición de saída antes da 17:00 hs. Aqueles que participen cun vehículo, carroza, remolque ou outro de grandes dimensións, deberán notificalo á organización, para a súa colocación previa na rúa Alexandre Bóveda.
- 7 Ás 17:00 hs., na saída do desfile e ó longo do mesmo faranse varios controis por parte da organización, polo que deben pasar todos os participantes.
- 8 O prazo de inscrición será dende o día **27 de xaneiro** ata o **martes 9 de febreiro** (inclusive) **as 12:00 hs.** na Concellería de Cultura (Auditorio de Vilagarcía)
- 9 No momento da inscrición entregarase a cada participante unha cartolina cun número, que deberán levar nun lugar visible na parte dianteira do seu disfrace ou grupo. En caso contrario quedarán fóra do concurso.
- 10 O fallo do xurado será inapelable e a participación no concurso implica a aceptación plena das presentes bases. En todo momento os participantes deberán cumprir as indicacións da organización. Corresponde á Concellería de Cultura a interpretación das bases no aspecto que fose preciso.
- 11 Os premios daranse a coñecer ó remate do desfile, sobre ás 20:30 hs. no Baile de Entroido na Praza da Peixería, e serán entregados a partir do luns día 15 de febreiro na Concellería de Cultura (Auditorio) **en horario de 8:30 a 14:30.**